

CUESTIONARIO

HIDROSFERA

Si realizas ben estes exercicios podes considerar que tes un nivel de coñecemento bastante aceptábel. Polo contrario ter fallos indica e que temos que tes que traballar cos contidos e na realización dos exercicios .

Convén facer os exercicios sen imprimir en papel, pensa no aforro de auga, caolín, madeira, enerxía ... que podes facer.

1 A salinidade media dos océanos situase entre

- | | |
|----------------------------|------------------------|
| ☐ a | 2-3 gramos por litro |
| ☐ b | 35-37 gramos por litro |
| ☐ c | 25-28 gramos/litro |
| ☐ d | 12-15 gramos /litro |

2 Na auga do mar as concentracións de sales son

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | 3 gramos de cloruro sódico e 6 gramos de cloruro magnesio |
| ☐ | 25 gramos de cloruro sódico e 6 gramos de cloruro magnesio |
| ☐ | 25 gramos de cloruro sódico e 2 gramos de cloruro magnesio |
| ☐ | 30 gramos de cloruro sódico e 60 gramos de cloruro magnesio |

3 As augas brandas son

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | Todas as augas de montaña |
| ☐ | As que conteñen pouco calcio e magnesio |
| ☐ | As que conteñen moito calcio e magnesio |
| ☐ | As que teñen un pH=7 |

4 Escorrentía é

- | | |
|--------------------------|-------------------------------------|
| ☐ | Cando a auga se infiltra no subsolo |
|--------------------------|-------------------------------------|

☐	Toda a auga continental
☐	Cando a auga discorre libremente pola superficie sen leito fixo camiño dos regatos, ríos, mar
☐	Cando a auga discorre libremente pola superficie con leito fixo camiño dos regatos, ríos, mar

5 No bosque tropical húmido e no deserto as precipitacións anuais son

☐	Bosque 600-2000 litros. Deserto 300 litros ou menos
☐	Bosque 1000 litros, Deserto 600 litros
☐	Bosque 2000 litros . Deserto 500 litros
☐	Bosque 2000-4000 litros. Deserto menos de 300 litros

6 As plantas xerófitas son

☐	As que viven en ambientes temperado
☐	As que viven en ambientes moi húmidos
☐	As que viven en ambientes secos ou moi secos
☐	Ningunha das anteriores

7 As plantas de dunas e ambientes salinos

☐	a) excretan o sal mediante glándulas, b) concentran a sal absorbida en follas que logo caen,
☐	a) concentran sales na raíz mantendo unha concentración normal no resto da planta,
☐	a) acumulan bastante auga para contrarrestar o exceso de sal.
☐	a) excretan a sal polas raíces,

8 As plantas. Tres afirmacións son verdadeiras, cales?

☐	Perden auga por transpiración.
☐	O vento diminúe a perda de auga por evaporación .
☐	As plantas perden auga con secrecións como nectar das flores.
☐	A vía principal de adquisición de auga para as plantas é dende o solo.

9 Os animais. Dúas afirmacións son verdadeiras cales?

☐	A vía principal de perda de auga para os animais é a evaporación
☐	A vía principal de perda de auga para os animais é a respiración .
☐	A vía principal para a adquisición de auga para a maioría dos animais terrestres é coa comida e bebida.

☐	A vía principal para a adquisición de auga para a a maioría dos animais terrestres é unicamente coa bebida.
--------------------------	---

10 Os animais. Dúas afirmacións son verdadeiras cales?

☐	O camelo pode pasar moitos días sen beber e perder o 60% do seu peso en forma de auga sen problema.
☐	O camelo pode pasar moitos días sen beber e perder o 30% do seu peso en forma de auga sen problema.
☐	As cabras sobreviven sen beber diariamente
☐	As cabras necesitan beber diariamente

11 Os animais. Que afirmación é verdadeira?

☐	Ras e sapos poden perder o 40% do peso corporal e producen urina moi concentrada
☐	Ras e sapos poden perder o 60% do peso corporal e producen urina moi concentrada
☐	Ras e sapos poden perder o 20% do peso corporal e producen urina moi concentrada
☐	Ras e sapos poden perder o 40% do peso corporal e producen urina moi diluída

12 Cal de estas afirmacións é verdadeira?

☐	<i>Paludismo ou Malaria</i> , producida por protozoos
☐	<i>Disentería amebiana</i> , producida por un protozoo
☐	<i>Paludismo ou Malaria</i> , producida por bacterias
☐	<i>Disentería amebiana</i> , producida por bacterias

13 Metano/ Pretatamento . Que afirmacións son verdadeiras?

☐	O metano prodúcese nos dixestores anaerobios e utilízase como combustible
☐	O metano prodúcese nos dixestores aerobios e utilízase como combustible
☐	No pretratamento na depuración da auga actúase sobre a area a graxa e as espumas que transportan as augas residuais
☐	No pretratamento na depuración da auga actúase sobre a area a graxa e as espumas que transportan as augas residuais

14 Decantación. Que afirmación é verdadeira

☐	Decantación é sinónimo de sedimentación
☐	Decantación non é sinónimo de sedimentación
☐	Decantación e filtración é o mesmo.
☐	Decantación é igual que tratamento biolóxico.

Soluciones:													
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
b	b	b	c	d	c	a+b+c	a+c+d	a+c	b+c	a	a+b	a+c	a